

SEGUINDO AS PEGADAS DA MORTE

Catorce anos despois de *Á sombra dos pavillóns*¹ e sen ter dado a coñecer neste tempo máis que algúns textos espallados, volve Anxo Quintela á escena poética cun novo libro: *O asasino estrábico*². É este un dos catro volumes primoxénitos da colección de poesía "Ablativo Absoluto" creada hai uns meses por Ed. Xerais.

O asasino estrábico divídese en tres partes de desigual extensión marcadas por unha forma métrica que unifica o poemario: textos de once versos á maneira das décimas brancas pero con cesuras violentas que rompen a forma establecida. A un tempo fóxese da mensaxe aséptica e engárganse os poemas -case fotos dun mundo diverso e poliédrico- mediante unha certa narratividade.

Na primeira parte, "O asasino e o seu dobre", apréséntase ó lector o personaxe que dá título á obra pero xógase a escondelo baixo múltiples máscaras. Cremos albiscalo mais a percepción tórnase falsa e tomamos por realidade o que só era unha sombra. Neste xogo de despistes ten un papel relevante ese ti invocado directamente no primeiro poema que filtra a información -"*O teu labor é só agacha-las probas, / oculta-las pegadas, que me perda/ tódolos rastros*"- e se fai á vez cómplice e vítima dos crimes. O asasino asume distintas formas -a memoria, o tempo, o amor, o sacrificio, a ausencia, o desamparo...- e esgrime, en consonancia, armas diversas: o cínife, a gaivota, a muller, a tristeza:

Tralo mar, de lembrares, lembra a luz
e afiando a mirada preme as pálpebras.
Debuxa o seu perfil, a sinuosa
liña da luz atardecida.

Vexo

o escintileo mudo, o seu reflexo
nos xestos que acompañan as palabras
que nunca nos diremos. Acontece
unha carencia: os ollos desollados
da gaivota voraz que nos atrapa.

¹ Colección Esquíu de Poesía, Ferrol, 1983

² Ed. Xerais, Vigo, 1996

Mentres se desenvolven os crimes, o lector fica fascinado por esta figura que xa se fai familiar e remata, aguillada a súa curiosidade, por converterse nun público fiel que esixe novos asasinatos. Con fina ironía, o criminal declara o seu coñecemento destes feitos pois sabe da nosa atención *voayerística* polos seus pasos:

*Arrastro, cando menos, seis cadáveres
ás miñas costas. Un por cada día
da semana. Os domingos, como o resto
dos criminais, descanso.*

Decidín

*o luns, por puro tedio, comezar
a cacería e abatín un home
con chapeu amarelo. Da chisteira
voou unha pomba. ¡Mágoa de plumaxe!
Morreu o mago, matei tres coristas
e un locutor de voz atormentada.*

O meu público espera un novo crime.

Pero entón volve encubrirse coa máscara, coas rotas ás dese anxo que nos anuncia xa a segunda parte do libro ("O dominio dos anxos"). Engana e reconforta a primeira imaxe deste novo treito: "*Abrín a porta e vin pasar un anxo*" pero, de seguida, se nos aclara que este é un ser impuro, caído. A identificación do eu poético con el é fascinante e anuncia un estado interior de rebeldía latente:

*o anxo caído ergueu a súa bágoa,
só a súa soa bágoa, pra acabar,
dun pranto,
coa raíz apodrecida
das vinganzas antigas e aprazadas.
(...)*

*Quérote derrotado, pero altivo,
quizáis crisálida, encistado aínda.*

A furia de quen, expulso do paraíso, busca o seu propio lugar é semellante a dos que, rota a nenez (evocada como un tempo feliz onde o ser carece de verdadeira identidade), deben asumir a súa pertenza a unha raza espuria, sen fillos que a salven, sen irmáns que a liberen. Neste momento, o asasino tórnase múltiple e volve, en masa, na terceira parte: "As hordas":

*Para acabar con todo non fixamos
hora ningunha. Veunos dada a cifra
ignorada da grande conxunción.
Nun só segundo,
tódalas alarmas
da cidade saltaron no alarido
máis agudo que nunca se escoitara
Como atraídos polo riso bébedo
duns ratos xigantescos, os que amaron
un día o soño e a palabra, armados
de sombra e da memoria dos fracasos,
entregáronse ó rezo e á pillaxe.*

As fronteiras entre ben e mal dilúense agora. Para defenderse hai que matar, volverse un tamén asasino, asumir a pel do anxo caído, ser horda que aniquila antes de que a devoren. Pero antes débese enterrar en lugar oculto o tesouro, ese último rastro capaz de devolvernos á condición humana:

*Non hai quen dea xa cos grans de pó,
a exacta referencia nos arquivos
da amizade e a dor
para atopar*

a cruz sobre o papel onde enterrar

a pá do legón, a última esperanza.

Foron tantas as agresións que o asasino, baixo múltiples formas, imprimiu sobre o eu-víctima que este xa coñece a súa verdadeira identidade. Só falta entón saber cando asestará a pegada definitiva:

Calquera día pode se-lo día

menos pensado. Porque sen pensar

pasan as cousas, morren os amigos,

creban as carnes, vánseche as mulleres

-mesmo as que non amaches-, e rebentan

as costuras que prenden a memoria.

(...)

Calquera día,

collo a vía morta

a unha estación de tren deshabitada.

TERESA SEARA

A Nosa Terra, 776, 1-5-1997, pp. 24-25.